

Índice

- Información precontractual
Cuenta Corriente Triodos Pag. 2
- Información precontractual particular
Cuenta Triodos, Cuenta Infantil, Cuenta Vivienda, Cuenta Nueva Empresa Pag. 4
- Información precontractual general
Cuenta Triodos, Cuenta Infantil, Cuenta Vivienda, Cuenta Nueva Empresa Pag. 5
- Información precontractual
Depósito Triodos12 Pag. 7
- Información precontractual
Tarjeta Débito Triodos Pag. 8
- Información precontractual
Cuenta Plan Pag. 12
- Información básica sobre a cobertura dos depósitos Pag. 13

Información precontractual Cuenta Corriente Triodos

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade.

A información resaltada en negra é especialmente relevante

PRODUTO

Depósito á vista en euros de carácter nominativo e intransferible dirixido a persoas físicas. A súa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto.

COMISIÓNS E GASTOS

- Sen comisión de apertura e administración.
- Comisión de mantemento: 3 €/mes. A liquidación é trimestral.
- Sen comisión por transferencias nacionais/SEPA en Banca Internet e Banca Móbil.
- Comisión de 1 € por transferencias nacionais/SEPA en oficinas, Banca telefónica ou Banca postal.

O pagamento, negociación, compensación e devolución de cheques ten os seguintes custos:

- Negociación e compensación de cheques: 3,01 € (cargo único).
- Devolución: 15 € (mínimo).
- Enchedura de conformidade sobre cheque: 0,3 % sobre nominal (mínimo de 6,01 €).
- Xestión de solicitude de conformidade ao banco librado a instancias do cliente: 6,01 € (mínimo) por documento conformado.
- Emisión de cheques da propia entidade a cargo do Banco de España: 0,1 % sobre nominal (mínimo de 9 € por documento).
- Xestión de protesto ante notario ou declaración de falta de pagamento: 18,00 € por documento (cargo único).
- Compensación de cheques non normalizados: 7 € por documento (cargo único).

De desexalo así o cliente, a conta corrente operativa levará asociada como medio de pagamento unha tarxeta de débito Triodos. O custo anual de emisión e renovación de dita tarxeta é de 24 €, tanto para o primeiro titular da conta corrente coma para calquera outro con tarxetas adicionais.

As tarifas de comisións máximas asociadas á tarxeta de débito

vixentes en cada momento pódense consultar no libro de tarifas de comisións, condicións e gastos repercutibles, e no apartado Información Legal e Tarifas do sitio web www.triodos.es.

Todas as tarifas asociadas á Cuenta Corriente Triodos vixentes en cada momento pódense consultar no libro de tarifas de comisións, condicións e gastos repercutibles, no apartado Información Legal e Tarifas, e no Taboleiro de Anuncios publicados do sitio web www.triodos.es.

REMUNERACIÓN DA CONTA

Xuro nominal anual 0,00% (-1,43 % TAE*).

*TAE: - 1,43 % para o suposto no que se manteña de forma constante durante 1 ano un saldo diario de 2.500€, onde a comisión por mantemento da conta corrente é de 3 €/mes con liquidación trimestral.

Triodos Bank poderá modificar os xuros, comisións e demais condicións do contrato da conta mediante comunicación individual ao titular, cunha antelación mínima dun mes respecto da súa entrada en vigor. Considerarase que o titular acepta a modificación se, dentro do prazo indicado, non comunicase por escrito ao banco a súa intención de proceder coa resolución do contrato e a conseguinte cancelación da conta.

DESCUBERTOS NA CONTA

Os descubertos que sexan autorizados polo banco serán esixibles e deberán ser reintegrados sen previo requirimento.

A taxa de xuro nominal anual por descuberto a favor do banco será do 7,25 % (7,50 % TAE).

Os saldos debedores da conta devindicarán diariamente xuros en favor do banco mentres dure o descuberto. A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36.500$, sendo o capital o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia. Os xuros por descuberto liquidaranse coa mesma periodicidade que se liquidan os xuros acredores na Cuennta Corriente Triodos. Os xuros por descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e devindiquen novos xuros por descuberto ao tipo que corresponda en cada momento. No caso dos descubertos suxeitos á Lei de contratos de crédito ao consumo, a taxa de xuro aplicada non poderá dar lugar a unha taxa anual equivalente superior a 2,5 veces o xuro legal do diñeiro.

Comisión de xestión por reclamación de posicións debedoras: 30 € (un pagamento único por cada descuberto). Por cada gestión de cobro que se emprenda sobre una cantidad debida por el Titular de la Tarjeta que resulte exigible, y sobre cada nueva posición deudora, siempre que tal reclamación o gestión de cobro se realice, se percibirá por una sola vez, en concepto de gastos de gestión de cobro, una comisión en la cuantía señalada, liquidarase e pagarase na data de emisión da reclamación. Así mesmo, polas xestións realizadas para o cobramento de calquera saldo debedor non pagado, repercutiranse ao cliente a totalidade dos suplidos que se devindiquen polas consultas do rexistro, a obtención

de certificados e os requirimentos notariais, así como por calquera outro gasto xustificable de carácter externo que se produza.

FUNCIONAMENTO DA CONTA: DISPOSICIÓN DO SALDO E INGRESOS

A conta corrente operativa admite domiciliacións e dispón de medios de pagamento asociados, como talonario de cheques e tarxeta de débito/crédito Triodos.

O titular poderá dispoñer do saldo da súa conta corrente operativa mediante emisión de transferencias, traspasos, tarxetas de débito ou crédito, domiciliacións de recibos, cheques ou calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento. No caso de utilizar cheques como medio de pagamento enviado por correo ou mensaxeiro, estes deberán ser cruzados para os efectos de resultar obrigatorio o seu aboamento na conta. De o solicitar o cliente, o banco poderá aceptar cheques, letras, obrigas de pagamento ou outros efectos para xestionar o seu cobramento e posterior aboamento na conta unha vez cobrado o seu importe.

- Primeiro ingreso na Cuenta Corriente Triodos para novos clientes de Triodos Bank. No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto esta conta Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de Confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade da conta, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

- Segundos e posteriores ingresos. O cliente poderá efectuar ingresos na Cuenta Corriente Triodos mediante transferencia bancaria, ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As cantidades ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluído o ingreso mediante recibo nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez efectivamente cobrados por Triodos Bank ou cando transcorreran os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato de conta corrente é indefinida. O titular e Triodos Bank poderán decidir a súa resolución en calquera momento. Con este fin, deberá remitirse comunicación a este respecto á outra parte, e sen necesidade de aviso previo por parte do Titular da Conta. Pola súa banda, de desexar resolver o contrato de forma unilateral, o banco mediará un aviso previo mínimo de dous (2) meses a respecto da data de resolución efectiva.

FONDO DE GARANTÍA DE DEPÓSITOS

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, con domicilio en Postbus 98, 1000 AB Amsterdam (Holanda), que ofrece unha garantía de ata 100 000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade. Pode obter información adicional sobre o citado sistema no sitio web www.dnb.nl e, en especial, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de garantía de depósitos), así como en www.triodos.es.

DEREITOS DE DESISTENCIA

O titular disporá dun prazo de catorce (14) días naturais, a contar desde o día da formalización do contrato, para desistir do mesmo, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización algunha; para elo deberá comunicar a súa decisión ao banco, dentro do prazo referido, ben mediante escrito dirixido a:

Triodos Bank NV Sucursal en España

c/ José Echegaray 5
28232 Las Rozas (Madrid)

Ou ben mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as chaves persoais.

PRINCIPIOS COMÚNS PARA O TRASLADO DE CONTAS BANCARIAS

TRIODOS BANK NV, Sucursal en España está adherido aos Principios Comúns para o traslado de contas bancarias.

CONDICIÓNS DE VINCULACIÓN

A comisión de mantemento da Cuenta Corriente Triodos non se aplicará a aqueles clientes que cumpran todas as condicións detalladas deseguido:

- **Ser titular dunha Cuenta Corriente Triodos**, na que o Titular deberá:
 - Domiciliar na conta corrente, durante cando menos os tres meses anteriores ao mes no que se produce a liquidación da comisión de mantemento da Conta, o cobramento dun ingreso único, igual ou superior a 600 euros que pode proceder de: aboamento de nómina; aboamento por transferencia recibida; aboamento de pensión ou aboamento de prestacións sociais / prestación por desemprego. Non se consideraran ingresos computables para acceder ás vantaxes, aqueles aboamentos na Cuenta Corriente Triodos procedentes de: traspasos; ingreso de efectivo en caixeiro; aforros periódicos ou ingresos de cheque.
 - Domiciliar na conta corrente o pagamento de cando menos tres domiciliacións de recibos diferentes durante cando menos os tres meses anteriores ao mes no que se produce a liquidación da comisión de mantemento da Conta.
- **Ser titular un contrato de Tarjeta de Débito Triodos e, opcionalmente dun contrato de Tarjeta de Crédito Triodos** asociadas ambas as dúas á Cuenta Corriente Triodos. Coas devanditas tarxetas (principais e beneficiarias) deberá realizar un mínimo de dez operacións de pagamento en comercios durante os tres meses anteriores ao mes no que se produce a liquidación da comisión de mantemento da conta corrente. As extraccións de efectivo en caixeiros e as devolucións en comercios non se considerarán operacións e, polo tanto, non computan para alcanzar o número mínimo de dez operacións ao trimestre.

Triodos Bank comprobará o cumprimento das condicións durante o menos os tres meses anteriores o mes na que se produce a liquidación da comisión de mantemento da conta, e en caso afirmativo, non se aplicará a mesma. No caso de non cumprir as condicións, liquidarase a comisión de mantemento descrita no apartado comisións e gastos.

Conforme co anterior, a TAE será de 0,00 %, sendo a conta non remunerada e para suposto no que se manteña de forma constante durante un ano un saldo de 6.000 € e sempre que durante todo o exercicio se cumpran as condicións de vinculación.

Vantaxes adicionais

Os clientes que cumpran as condicións de vinculación beneficiaríanse dunha redución do 50 % nas cotas de mantemento de todas as tarxetas de débito e crédito (principais e beneficiarias) asociadas a conta corrente.

Información precontractual particular: Cuenta Triodos, Cuenta Infantil, Cuenta Vivienda, Cuenta Nueva Empresa

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade.

A información resaltada en negra é especialmente relevante

PRODUTO

CUENTA TRIODOS

Depósito á vista en euros de natureza bancaria –de conta de aforro–, de carácter nominativo e intransferible dirixido a persoas físicas. A súa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto.

CUENTA INFANTIL

Depósito á vista en euros con total liquidez, de carácter nominativo e intransferible dirixido a persoas físicas. A súa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. Da Conta infantil só pode ser titular un menor de idade; os pais ou titores serán representantes legais. **O produto ten a mesma natureza que a Cuenta Corriente Triodos á que está asociada** e na que os representantes legais serán titulares.

CUENTA VIVIENDA

Depósito á vista en euros con natureza bancaria –de conta de aforro–, de carácter nominativo e intransferible dirixido a persoas físicas que estean interesadas en adquirir ou rehabilitar a súa vivenda habitual.

CUENTA NUEVA EMPRESA

Depósito á vista en euros de natureza bancaria –de conta de aforro–, de carácter nominativo e intransferible. A súa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. O titular da Cuenta Nueva Empresa deberá ser unha persoa física.

Pódese contratar co obxectivo de constituír un capital aforrado que destinar á constitución dunha empresa, de conformidade co Título XII do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

As cantidades ingresadas nesta conta darán dereito ás deducións previstas na normativa vixente, sempre que se respecten os prazos e condicións previstos para a súa aplicación. De se acoller o cliente ás deducións fiscais sen cumprir cos requisitos legalmente establecidos, deberá regularizar a súa situación fiscal sen que, en ningún caso, se poida derivar responsabilidade algunha para Triodos Bank pola perda das vantaxes fiscais.

FUNCIONAMENTO DA CONTA, DISPOSICIÓN DO SALDO E INGRESOS: CUENTA TRIODOS, CUENTA VIVIENDA, CUENTA NUEVA EMPRESA

A conta non admite domiciliacións nin dispón de medios de pagamento (como talonario de cheques) asociados a ela.

Primeiro ingreso na conta para novos clientes de Triodos Bank: No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto esta conta Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de

«Solicitude de Confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade da conta, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

Segundos e posteriores ingresos: o cliente poderá efectuar ingresos na conta mediante transferencia bancaria, cheque ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As cantidades ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluído o ingreso mediante recibo nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez efectivamente cobrados por Triodos Bank ou cando transcorreran os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

Dada a natureza de conta de aforro do produto, o cliente só poderá dispoñer dos saldos acredores na súa Cuenta Triodos, Cuenta Nueva Empresa ou Cuenta Vivienda mediante emisión de transferencias e traspasos nacionais.

FUNCIONAMENTO DA CONTA. DISPOSICIÓN DO SALDO E INGRESOS: CUENTA INFANTIL

A Cuenta Infantil non admite domiciliacións nin dispón de medios de pagamento asociados.

Os representantes legais do menor poderán efectuar ingresos na Cuenta Infantil mediante transferencia bancaria, cheque ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin».

As cantidades ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluído o ingreso mediante recibo nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez efectivamente cobrados por Triodos Bank ou cando transcorreran os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

Os representantes legais do menor titular só poderán dispoñer dos saldos acredores na Cuenta Infantil mediante emisión de traspasos á Cuenta Corriente Triodos asociada ou mediante a emisión de traspasos e transferencias nacionais.

FISCALIDADE CUENTA VIVIENDA

Sempre que esta conta se destine á compra ou rehabilitación de vivenda habitual, o cliente poderá gozar das vantaxes fiscais ofrecidas a estes produtos.

Efectos da non adquisición ou rehabilitación: de non destinar a conta á compra ou rehabilitación de vivenda habitual, o cliente deberá regularizar a súa situación fiscal. O banco non asumirá responsabilidade algunha sobre o cumprimento das normas reguladoras das vantaxes fiscais relativas á conta vivenda.

Información precontractual general: Cuenta Triodos, Cuenta Infantil, Cuenta Vivienda, Cuenta Nueva Empresa

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade.

A información resaltada en negra é especialmente relevante

COMISIONS E GASTOS

- Sen comisión de apertura, de administración nin de mantemento.
- Comisión de 3 € por transferencias nacionais/SEPA en Banca Internet e Banca Móbil.
- Comisión de 4 € por transferencias nacionais/SEPA en oficinas, Banca telefónica ou Banca postal.
- Emisión de cheques da propia entidade a cargo do Banco de España: 0,5 % sobre nominal (mínimo de 18,03 € por documento).

REMUNERACIÓN DA CONTA

Xuro nominal anual 0,00% (0,00 % TAE).

Triodos Bank poderá modificar os xuros, comisións e demais condicións do contrato da conta mediante comunicación individual ao titular, cunha antelación mínima dun mes respecto da súa entrada en vigor. Considerarase que o titular acepta a modificación se, dentro do prazo indicado, non comunicase por escrito ao banco a súa intención de proceder coa resolución do contrato e a conseguinte cancelación da conta.

DESCUBERTOS NA CONTA

Os descubertos que sexan autorizados polo banco serán esixibles e deberán ser reintegrados sen previo requirimento.

A taxa de xuro nominal anual por descuberto a favor do banco será do 7,25 % (7,50 % TAE).

Os saldos debedores da conta devindicarán diariamente xuros en favor do banco mentres dure o descuberto. A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36.500$, sendo o capital o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

Os xuros por descuberto liquidaranse coa mesma periodicidade que se liquidan os xuros acredores na conta. Os xuros por descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e devindiquen novos xuros por descuberto ao tipo que corresponda en cada momento. No caso dos descubertos suxeitos á Lei de contratos de crédito ao consumo, a taxa de

xuro aplicada non poderá dar lugar a unha taxa anual equivalente superior a 2,5 veces o xuro legal do diñeiro.

Comisión de xestión por reclamación de posicións debedoras: 30 € (un pagamento único por cada descuberto). Liquidarase e pagaranse na data de emisión da reclamación. Así mesmo, polas xestións realizadas para o cobramento de calquera saldo debedor non pagado, repercutiranse ao cliente a totalidade dos suplidos que se devindiquen polas consultas do rexistro, a obtención de certificados e os requirimentos notariais, así como por calquera outro gasto xustificable de carácter externo que se produza.

DURACIÓN DO CONTRATO

A duración contractual da conta é indefinida. O titular, ou no seu caso os seus representantes legais, poderá resolver anticipadamente o contrato sen necesidade de aviso previo pola súa parte, polos medios de comunicación pactados. O Banco tamén poderá resolver o contrato de forma unilateral, mediando un aviso previo mínimo de dous (2) meses a respecto da data de resolución efectiva.

Cancelada a conta por calquera das causas previstas neste contrato, o cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores e aboar as comisións e gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a conta, de existir saldos acredores, estes deixarán de devindicar xuros e quedarán automaticamente a disposición do cliente.

FONDO DE GARANTÍA DE DEPÓSITOS

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, con domicilio en Postbus 98, 1000 AB Amsterdam (Holanda), que ofrece unha garantía de ata 100 000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade. Pode obter información adicional sobre o citado sistema no sitio web www.dnb.nl e, en especial, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de garantía de depósitos), así como en www.triodos.es.

DEREITOS DE DESISTENCIA

O titular disporá dun prazo de catorce (14) días naturais, a contar desde o día da formalización do contrato, para desistir do mesmo, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización algunha. Para elo deberá comunicar a súa decisión ao banco, dentro do prazo referido, ben mediante escrito dirixido a:

Triodos Bank NV, Sucursal en España
c/ José Echegaray 5
Parque Empresarial Las Rozas
28232 Las Rozas (Madrid)

Ou ben mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as chaves persoais.

PARTICULARIDADES DA CONTA

Para a subscripción da Conta Triodos, Conta Infantil, Conta Vivenda e Conta Nova Empresa é obrigatorio contratar previamente unha Conta Corrente Triodos asociada coa mesma titularidade que a conta de aforro, sobre a que se realizarán os abonos e cargos da conta de aforro. A conta asociada ten unha comisión de mantemen-

to, recollida nas tarifas da entidade vixentes en cada momento, que actualmente é de 3 euros mensuais, con liquidación trimestral. Este custo non foi considerado para os efectos do cálculo da TAE da conta de aforro.

A Cuenta Corriente Triodos ten unha TAE do -1,43 % para conta non-remunerada e no suposto de que se manteña de forma constante durante 1 ano un saldo diario de 2.500 €, nos termos expostos na Información Precontractual da Cuenta Corriente Triodos.

PRINCIPIOS COMÚNS PARA O TRASLADO DE CONTAS BANCARIAS
TRIODOS BANK NV, Sucursal en España está adherido aos Principios Comúns para o traslado de contas bancarias.

Información precontractual Depósito Triodos12

A información resaltada en negra é especialmente relevante

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade.

- 🔒 O reembolso, rescate ou a devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal investido están suxeitos a comisións ou penalizacións.
- 🔒 O reembolso, rescate ou a devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal investido está suxeita a un prazo de aviso previo mínimo relevante.

A información resaltada en negra é especialmente relevante

PRODUTO

Produto nominativo e intransferible e sempre ligado a unha **Cuenta Corriente/Corporativa Triodos asociada da mesma titularidade a efectos de cargo dos importes que constitúan o depósito, e de aboamento dos xuros correspondentes e o capital ao vencemento.**

REMUNERACIÓN DO DEPÓSITO PARA O TITULAR

Depósito Triodos 12: Xuro nominal anual 0,05% (0,05 % TAE) para saldo inferior a un millón de euros. O saldo superior a un millón de euros non ten remuneración.

Exemplo de remuneración: Cun depósito de 10.000 €, a remuneración ascendería a 5 € aproximadamente (importe suxeito a retención fiscal).

ABOAMENTO DE XUROS

Ao vencemento.

CANCELACIÓN ANTICIPADA

O titular poderá solicitar en calquera momento a cancelación anticipada do depósito e banco pode conceder ese pedido. A solicitude do cliente deberá efectuarse cunha antelación mínima de tres (3) días hábiles respecto da data de cancelación solicitada.

Comisión por cancelación anticipada: a remuneración do depósito quedará reducida na taxa anual do 1,5 % aplicada ao principal, durante o período que mediar entre a data da cancelación e o vencemento pactado. Esta dedución non poderá exceder o importe dos xuros brutos xerados desde o comezo da operación.

DURACIÓN DO CONTRATO

Doce (12) meses a contar desde a data en que se reciba o traspaso do capital proveniente da Cuenta Corriente/Corporativa Triodos asociada. Chegada a data de vencemento, o depósito quedará automaticamente renovado por un período igual e coas mesmas condicións inicialmente pactadas, á taxa de xuro efectivo ofrecida por Triodos Bank no momento da renovación, segundo se publique no Taboleiro de Anuncios, a disposición do cliente en www.triodos.es.

Transcorrido o prazo de vixencia do depósito, Triodos Bank reembolsará

ao titular na conta corrente asociada a retribución pactada e o capital principal depositado no caso de non renovación.

FONDO DE GARANTÍA DE DEPÓSITOS

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, con domicilio en Postbus 98, 1000 AB Amsterdam (Holanda), que ofrece unha garantía de ata 100 000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade. Pode obter información adicional sobre o citado sistema no sitio web www.dnb.nl e, en especial, na sección «Deposito-garantiestelsel» (Sistema de garantía de depósitos), así como en www.triodos.es.

DEREITOS DE DESISTENCIA

O titular disporá dun prazo de catorce (14) días naturais, a contar desde o día da formalización do contrato para desistir do mesmo, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización algunha. Para elo deberá comunicar a súa decisión ao banco, dentro do prazo referido, ben mediante escrito dirixido a:

Triodos Bank NV, Sucursal en España
c/ José Echegaray 5
28232 Las Rozas (Madrid)

Ou ben mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

PARTICULARIDADES DO PRODUTO

Para a subscripción do depósito é obrigatorio contratar previamente unha Conta Corriente Triodos asociada coa mesma titularidade que o depósito, a efectos de cargo dos importes que constitúan o depósito e do abono dos intereses correspondentes. A conta asociada ten unha comisión de mantemento, recollida nas tarifas da entidade vixentes en cada momento, que actualmente é de 3 euros mensuais, con liquidación trimestral. Este custo non foi considerado para os efectos do cálculo da TAE da conta de aforro. A Cuenta Corriente Triodos ten unha TAE do -1,43 % para conta non-remunerada e no suposto de que se manteña de forma constante durante 1 ano un saldo diario de 2.500 €, nos termos expostos na Información Precontractual da Cuenta Corriente Triodos.

Información precontractual Tarjeta de Débito Triodos

A información resaltada en negra é especialmente relevante

PRODUCTO

Medio de pagamento e de disposición de efectivo, e identificador a efectos de acceso telefónico e/ou electrónico da información e das operacións sobre as contas do seu titular; tamén destinado á contratación e ao pagamento de bens e servizos.

A tarxeta é persoal e intransferible e leva asociado, para o seu uso en caixeiros e terminais de autoservizo, un número secreto; poden establecerse claves complementarias para outros usos ou dispositivos.

CONDICIÓN DE USO E CONSERVACIÓN DA TARXETA DE DÉBITO

O uso da tarxeta confire ao seu titular os seguintes dereitos e deberes:

- Dereitos do titular:

a) Obtención de diñeiro en efectivo nas oficinas e caixeiros automáticos de Triodos Bank ou doutras entidades financeiras, nacionais e estranxeiras, coas que existan acordos, sen responsabilidade do banco no caso de rexeitamento desa obtención. O momento de recepción dunha orde de pagamento será aquel no que esta sexa recibida polo Banco, con independencia de que fose transmitida directamente polo titular ou polo beneficiario da tarxeta.

b) Pagamento de bens e servizos naqueles establecementos, nacionais e estranxeiros, que acepten este tipo de tarxetas.

c) Consulta de saldos, cambios de modalidade de pagamento e de número secreto, e demais operativa relativa á tarxeta; consultas de saldos e extractos de contas, transferencias, traspasos e demais operativa financeira; contratación e pagamento de bens e servizos —entradas, títulos de transporte, impostos, recarga de teléfonos móbiles, etc.—, todo elo a través de caixeiros ou de Banca Telefónica ou Banca por Internet de Triodos Bank, con supeditación ás limitacións inherentes a cada tipo de acceso e á necesidade de introducir claves complementarias para operacións concretas.

d) O Banco, após o momento de recepción da orde de pagamento do titular ou beneficiario, sempre que haxa saldo suficiente ou non medie ningunha outra causa técnica ou legal que o impida, asegurarse de que o importe da operación de pagamento é aboado na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario, no menor tempo posible e, en todo caso, ao final do día hábil seguinte.

- Deberes do titular, sen intención limitativa:

a) Aceptar todas as operacións realizadas con calquera das tarxetas que se expidan conforme ao contrato, así como o cargo na conta do importe de ditas operacións, sempre que o titular ou, no seu caso, o(s) beneficiario(s) manifestara(n) debidamente o seu consentimento á execución destas operacións.

b) Admitir como xustificante das operacións e do seu importe o que rexistre calquera das tarxetas, o que figure nos rexistros informáticos do banco e os comprobantes emitidos por calque-

ra dispositivo habilitado para operar con tarxetas, cando esas operacións foran efectuadas polo titular da tarxeta, por beneficiarios titulares das tarxetas adicionais ou por terceiros con autorización dalgún dos anteriores, sempre que quede constancia da referencia que permita identificar a operación executada e, no seu caso, a información relativa ao beneficiario, ao importe da operación na moeda na que se cargara na Cuenta Corriente Triodos, ao importe de calquera gasto da operación e, no seu caso, ao correspondente análise de gastos e xuros que deba aboar o titular, á data de recepción da orde de pagamento e, no seu caso, ao xuro de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do titular, así como ao importe da operación de pagamento tras a conversión.

c) Comunicar ao banco o cargo de calquera operación non autorizada polo titular ou polo(s) beneficiario(s) da(s) tarxeta(s), así como calquera erro ou irregularidade que se detecte no seu funcionamento, de modo que o banco poida proceder á súa rectificación. Para elo, o titular deberá formular dita comunicación sen demora, en canto teña coñecemento do cargo non autorizado ou da operación incorrectamente executada, debendo en todo caso realizar a oportuna notificación durante os trece (13) meses seguintes á data do cargo ou da operación de que se trate, sempre que o banco puxera á súa disposición ou fixera accesible a información correspondente.

d) Responder da veracidade e corrección dos datos do(s) beneficiario(s) que o titular facilitara coa fin de personalizar as tarxetas co(s) seu(s) nome(s).

e) Informar debidamente ao(s) beneficiario(s) do contido do contrato.

f) Asinar a tarxeta de inmediato.

g) Tomar as precaucións debidas para velar pola seguridade da tarxeta e do procedemento que permite utilizala, especialmente, manter en segredo o número de identificación persoal.

h) Custodiar coa dilixencia debida e utilizar correctamente a tarxeta que se lle entrega en depósito.

i) Tomar as precaucións necesarias a fin de evitar a subtracción, falsificación ou perda da tarxeta.

k) Notificar sen demora a perda, o roubo ou a falsificación da tarxeta, así como o coñecemento indebido por parte doutras persoas do número de identificación persoal, en canto teña coñecemento desa circunstancia. A notificación realizarase en calquera oficina do banco ou nos teléfonos que figuran na propia tarxeta, de modo que o banco poida adoptar as medidas precautorias ao seu alcance coa fin de impedir o uso indebido da tarxeta. Este aviso deberá ser confirmado posteriormente, con carácter urgente, por correo certificado ou presentándose en calquera oficina do banco, para subscribir o documento correspondente.

l) Devolver a tarxeta ao banco ou destruíla cando este llo esixa tras quedar bloqueada ou cancelada a conta, cando o titular revogue a autorización para efectuar cargos na conta, cando se comprobe unha falsidade nos datos do titular consignados na solicitude da tarxeta, cando medie incumprimento de calquera das normas do contrato por parte do titular da tarxeta, ou no caso de que a solvencia do titular variase de xeito que, a xuízo do banco, o risco xerado pola posesión ou uso da tarxeta non quedase suficientemente cuberto, excepto cando, neste último suposto, o titular procedese con carácter inmediato a garantir de maneira suficiente mediante garantía real a débeda fronte ao banco.

m) Destruír ou entregar ao banco a tarxeta unha vez caducada ou substituída.

n) En xeral, para adquirir bens e utilizar os servizos que ofrece a tarxeta nos establecementos adheridos:

1- Presentar a tarxeta e asinar a factura emitida polo establecemento ou teclear o correspondente número de identificación persoal, o que suporá a total conformidade coa operación realizada. No suposto de que Triodos Bank emita tarxetas con tecnoloxía contactless («tecnoloxía ou pagamentos sen contacto»), as partes aceptan equiparar xuridicamente a sinatura autógrafa do Titular das mesmas coa súa utilización mediante a aproximación polo Titular da tarxeta aos caixeiros automáticos, Terminais de Punto de Venda (TPV) ou outros equipos de cobramento de forma que se produza a transacción no momento da sinatura autógrafa do Titular da tarxeta.

2- Acreditar a súa identidade no momento de presentar a tarxeta para a execución da operación de que se trate.

o) Obriga de pagamento. O titular queda obrigado a pagar cantas cantidades deba ao banco por calquera concepto que se derive da emisión e utilización da tarxeta e das tarxetas adicionais, conforme ao establecido no contrato.

Así mesmo, os deberes do titular da tarxeta segundo se recollen anteriormente nos apartados f) a n) (ambos inclusive) serán igualmente aplicables ao(s) beneficiario(s), de habelo(s), respecto das tarxetas adicionais.

p) Dispoñer en todo momento de fondos suficientes no banco para cubrir as responsabilidades de pagamento que se puidesen derivar do contrato. O banco reservase o dereito a condicionar a contratación da tarxeta, as sucesivas renovacións ou a resolución do contrato ao cumprimento dos requisitos previstos no mesmo.

q) Consultar os movementos da tarxeta con regularidade —cando menos mensualmente— e, no seu caso, cada vez que se observen cargos que, pola súa contía ou polas súas características, non se correspondan coas operacións habitualmente realizadas polo titular ou polo(s) beneficiario(s).

r) Ser titular dun número de teléfono móbil operativo en todo o territorio español, unicamente aos efectos de recibir os servizos necesarios para o correcto mantemento do contrato, así como de comunicar ao banco, coas maiores dilixencia e brevidade posibles, toda incidencia relacionada con dito número que puidese poñer en perigo o correcto uso da tarxeta por parte do seu titular, entre as que se inclúen, sen intención limitativa, e conforme aos termos máis amplos posibles, aqueles supostos de extravío, roubo, perda e/ou subtracción do teléfono, así como aqueles outros nos que o titular reciba mensaxes e/ou comunicacións no seu terminal

móbil que alerten da realización de operacións coa tarxeta que non recoñeza como lexitimamente realizadas.

COMISIÓNS DE SERVIZO E GASTOS

A Tarjeta de Débito Triodos é un medio de pagamento asociado a unha conta corrente operativa. O custo anual de emisión e renovación é de 24,00 €, tanto para o primeiro titular da conta corrente como para calquera outro titular da conta no caso de solicitar tarxetas adicionais.

As comisións máximas asociadas á tarxeta de débito son:

- **Comisión por duplicado de tarxeta:** 8 €.

- **Por disposición de efectivo:** en oficinas en España ou no estranxeiro doutras entidades de crédito nacionais, 4,25 % (cun mínimo de 3,50 €).

- **Por disposición en caixeiros automáticos:** o Real decreto lei 11/2015 establece que a entidade titular do caixeiro fixa a comisión a cobrar á entidade emisora da tarxeta polo uso da súa rede. Consonante a regulación, Triodos Bank non repercutirá aos seus clientes unha comisión superior a esta. Pode consultar en www.triodos.es a información actualizada sobre caixeiros.

- Operacións a débito:

- en caixeiros de Triodos Bank: sen comisión;
- en caixeiros de redes nacionais: como máximo a comisión establecida pola entidade propietaria do caixeiro;
- en caixeiros de países da UE: 4 %, mín. 3 €;
- en caixeiros fóra do Espazo Económico Europeo: 4,50 %, mín. 4,50 €.

- Operacións de consulta:

- en caixeiros de redes nacionais: como máximo a comisión establecida pola entidade propietaria do caixeiro;
- en caixeiros de países da UE: 0,60 €;
- en caixeiros fóra do Espazo Económico Europeo: 0,60 €.

A falta de pagamento dos importes endebedados ao banco devindicarán xuros diarios a favor deste. O tipo de xuro nominal anual aplicable aos saldos debedores e a periodicidade da súa liquidación serán os que publique o banco en cada momento no Taboleiro de Anuncios para os descubertos en conta corrente, a disposición do cliente en www.triodos.es.

O banco poderá repercutir ao titular os gastos de correo, SMS, teléfono, télex, telefax ou similares que se ocasionen como consecuencia do contrato.

Todas as tarifas asociadas á Cuenta Corriente/Corporativa Triodos e á Tarjeta de Débito Triodos vixentes en cada momento poden consultarse no Libro de tarifas de comisións, condicións e gastos repercutibles, no apartado Información Legal e Tarifas, que atopará no pé do noso sitio web.

LÍMITES

Límites nas compras ou na adquisición de bens e servizos:

- **Diario:** 2.100 € (máximo)

Límites nas disposicións de efectivo, con independencia de que o saldo da conta vinculada mostre un importe superior:

- **Diario:** 600 € (en caso de necesitar ampliar o límite, pode solicitalo nos teléfonos 902 360 940 ou 91 640 46 84).

Todas as compras e disposicións de efectivo en caixeiro cárganse na

conta vinculada no momento no que se producen.

Límite do conxunto das tarxetas: o cómputo do período pactado realízase por prazos naturais. Este límite representa o importe máximo que a tarxeta pode acumular no período pactado de que se trate con motivo de calquera das operacións sinaladas. O límite –no caso das disposicións en caixeiros automáticos situados no estranxeiro sen conexión ao sistema informático do banco– poderá restablecerse na contía correspondente en canto a operación de disposición se cargue na conta vinculada, sen que haxa que esperar ata o final do período pactado.

O límite de seguridade diario por tarxeta para compras realizadas con conexión ao sistema informático do banco estará supeditado ao do conxunto das tarxetas, que prevalecerá en todo caso.

CONTA DE ENDEBEDAMENTO

Cuenta Corriente/Corporativa Triodos asociada.

DOMICILIO

A efectos do envío da correspondencia e de calquera tipo de notificación ou comunicación, o contratante designa como domicilio o indicado no formulario de contratación. Calquera cambio ou modificación no domicilio expresado deberá ser comunicado por escrito á outra parte (a través da Banca Telefónica, presencialmente en calquera das nosas oficinas ou por correo postal), quedando esta exonerada de toda responsabilidade mentres non se efectúe esa notificación. No caso de traslado do domicilio ao estranxeiro, o contratante deberá designar a efectos contractuais un domicilio radicado en España. No seu defecto, entenderase como domicilio o consignado no contrato ou o último que se comunicara.

EXTRAVÍO OU SUBTRACCIÓN DA TARXETA

En caso de extravío ou subtracción da tarxeta, o límite da perda económica a cargo do titular establececese en 50 €.

O titular deberá amosar a debida dilixencia na custodia da tarxeta, así como todas as medidas ao seu alcance para protexer os elementos de seguridade de que estea provista e evitar a súa utilización fraudulenta. En caso de extravío, subtracción ou utilización non autorizada da tarxeta, o titular deberá notificar ao banco sen demora a circunstancia en cuestión, en canto teña coñecemento dela.

TELÉFONOS PARA COMUNICACIÓNS URGENTES

Existen tres teléfonos para comunicacións relativas ao extravío, á subtracción ou a utilización non autorizada da tarxeta, así como para a solicitude de desbloqueo desta cando deixen de existir as circunstancias que motivaran o seu bloqueo:

- Teléfono: 91 640 46 84 (luns das 10.00 ás 18.00 horas; de martes a xoves das 9.00 ás 18.00 horas; venres das 9.00 ás 17.00 horas).

- Teléfono 24 horas: 902 171 272.

- Teléfono de asistencia internacional de Visa: 900 991 216.

Calquera cambio nestes teléfonos será comunicado polo banco coa maior brevidade posible.

O Titular poderá comunicar con Triodos: i) por escrito dirixido a Triodos Bank N.V., S.E., calle José Echegaray nº 5, Las Rozas de Madrid, 28232, Madrid, ii) telefonicamente, nos teléfonos: 916404684 ou 902360940; así como utilizando a súa caixa de correo persoal.

Con carácter xeral, as comunicacións que realice Triodos ao Titular realizaranse aos enderezos do domicilio e do seu correo electrónico, así

como á caixa de correo persoal de que dispón o Titular na páxina web da entidade: www.triodos.es

VALIDEZ DA TARXETA

O contrato é de duración indefinida e ambas as partes poden resolvelo indistintamente na forma e nos prazos previstos nel.

A tarxeta e, no seu caso, as tarxetas adicionais terán un prazo de validez limitado ata o último día do mes que figure impreso nas mesmas; sen prexuízo da súa renovación unha vez caducadas, non poderán utilizarse con posterioridade a dito prazo.

O Cliente que teña a consideración de consumidor ou usuario poderá resolver o Contrato en calquera momento, sen necesidade de aviso previo ningún. O Banco procederá, conforme coa normativa vixente, ao cumprimento da orde de resolución do contrato antes de transcorridas vinte e catro (24) horas desde a solicitude do Cliente. O Banco tamén poderá resolver o contrato de forma unilateral por medios escritos, mediante un aviso previo mínimo de dous (2) meses a respecto da data de resolución efectiva. En ambos os dous casos, o titular da tarxeta quedará obrigado a reintegrar as posibles débedas, comisións, gastos ou xuros pendentes. Non obstante o anterior, Triodos Bank poderá resolver o contrato con efecto inmediato cando medie algunha das seguintes causas especiais de resolución:

- Incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo titular ou algún dos beneficiarios en virtude do contrato.
- Falecemento do titular ou embargo da totalidade ou de parte dos seus bens, ou desvalorización substancial dos mesmos.
- Falsidade ou imprecisión das declaracións formuladas ou dos datos facilitados polo titular que motivasen a concesión da tarxeta por parte de Triodos Bank.
- Cese do negocio do titular, pola causa que fose, ou disolución ou liquidación do mesmo.
- Declaración en concurso de acredores do titular da tarxeta.

No caso de que o titular da tarxeta cancelase a conta asociada á mesma, este quedará obrigado a proceder á devolución simultánea da tarxeta principal e das tarxetas adicionais, debendo así mesmo reembolsar ao banco o importe da débeda e dos gastos devindicados pendentes de pagamento; cumpridas estas dúas obrigas, o contrato quedará extinguido. O titular poderá así mesmo proceder á resolución do contrato en calquera momento por medios escritos, remitindo comunicación ao banco e procedendo á devolución simultánea da tarxeta ou tarxetas e ao reembolso ao banco do importe da débeda e dos gastos devindicados pendentes de pagamento; cumpridas estas dúas obrigas, o contrato quedará extinguido. En calquera dos supostos previstos nesta cláusula, o contrato conservará a súa eficacia en tanto estea pendente de cumprimento calquera débeda derivada da utilización da tarxeta aos efectos da súa oportuna reclamación.

Triodos Bank reservase o dereito a bloquear a utilización da tarxeta por motivos obxectivamente xustificadas relacionados coa seguridade da mesma, así como cando se sospeite que foi utilizada de forma non autorizada ou fraudulenta, con supeditación aos límites e aos requisitos que estableza a lexislación vixente en cada momento.

FONDO DE GARANTÍA DE DEPÓSITOS

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, con domicilio en Postbus 98, 1000 AB Amsterdam (Holanda), que ofrece unha garantía de ata 100 000 euros por titular respecto do

efectivo depositado na entidade. Pode obter información adicional sobre o citado sistema no sitio web www.dnb.nl e, en especial, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de garantía de depósitos), así como en www.triodos.es.

DEREITO DE DESISTENCIA

A efectos do previsto na Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, cando o titular sexa unha persoa física considerada consumidor a efectos legais, actúe fóra do seu ámbito profesional/empresarial e contrate a opción de tarxeta, disporá dun prazo de catorce (14) días naturais a partir da formalización do contrato para desistir do mesmo, sen necesidade de indicar motivo algún.

Se o titular exerce o seu dereito de desistencia, deberá:

- a) Notificarlo ao banco mediante carta certificada con xustificante de recepción dirixida ao enderezo: Triodos Bank NV, Sucursal en España, c/ José Echegaray 5, 28232 Las Rozas (Madrid); considerarase que se respectou o prazo –e, en consecuencia, a desistencia producirá efecto– cando a notificación se remita durante o prazo de catorce (14) días naturais anteriormente indicado. O titular poderá así mesmo formular a súa decisión a través de Banca Telefónica ou en calquera das nosas oficinas.
- b) Aboar ao banco a disposición de fondos que se realizara, sen demora, nun prazo de trinta (30) días a partir do envío da notificación de desistencia ao banco.

RESPONSABILIDADE DO BANCO

Triodos Bank NV, S.E. será responsable, fronte ao Titular da Tarxeta, da correcta execución da operación de pagamento ata o momento no que o seu importe se aboe na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario. En caso de operacións de pagamento non executadas ou executadas defectuosamente por causa imputable a Triodos Bank NV, S.E., este devolverá sen demora inxustificada ao Titular a cantidade correspondente á operación e, se for o caso, restablecerá o saldo da conta de pagamento á situación na que estaría de non se producir a operación de pagamento defectuosa.

RÉXIME LINGÜÍSTICO

Mentres dure o contrato comunicarémonos con vostede, co seu consentimento, en castelán. Sen prexuízo do respecto da normativa lingüística das Comunidades Autónomas cunha regulación lingüística especial.

SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE. QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

O Banco dispón dun Servizo de Atención ao Cliente ao que lle corresponde resolver, nun prazo máximo dun (1) mes, as queixas e reclamacións dos seus Clientes. O Cliente deberá dirixir a dito Servizo as súas queixas e reclamacións con carácter previo á interposición da súa reclamación ante o Departamento de Conduta de Mercado e Reclamacións do Banco de España.

O Banco dispón dun Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente, que ten por finalidade regular este Servizo e a forma de presentar, atender e resolver as queixas e reclamacións. Este regulamento está a disposición dos clientes na páxina web e en todas as oficinas do Banco. As queixas e reclamacións deberán presentarse, por escrito: nas oficinas do Banco; por correo postal dirixido a TRIODOS BANK NV S.E., Servizo de Atención ao Cliente, calle José Echegaray, nº 5, 28232 Las Rozas (Madrid); ou escribindo ao correo electrónico: reclamaciones@triodos.es.

LEXISLACIÓN E FORO APLICABLES

Este contrato rexerese pola lexislación española. O Tribunal competente para calquera reclamación xudicial derivada deste contrato é o do domicilio do consumidor.

Información Precontractual Cuenta Plan

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos holandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular respecto do efectivo depositado na entidade.

A información resaltada en negra é especialmente relevante

PRODUTO

A conta (no sucesivo denominada Cuenta Plan) destinada a dar soporte á contratación dun Plan de Pensións do sistema individual comercializado por Triodos Bank, recollendo as achegas e reembolsos do Plan de Pensións. A Cuenta Plan estará asociada a unha conta corrente de Triodos Bank desde a que se realizarán as achegas ao Plan de Pensións.

COMISIONS E GASTOS

- Sen comisión de apertura, administración ou mantemento.

Todas as tarifas asociadas aos produtos Triodos, vixentes en cada momento, poden consultarse no Libro de tarifas de comisións, condicións e gastos repercutibles, no apartado Información Legal e Tarifas, e no Taboleiro de anuncios do sitio web www.triodos.es.

REMUNERACIÓN DA CONTA

A Cuenta Plan non está remunerada, xa que a súa exclusiva finalidade é recoller as achegas e reembolsos realizados ao Plan de Pensións contratado a través de Triodos Bank.

DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato da Cuenta Plan coincide coa do plan de pensións contratado a través de Triodos Bank.

FUNCIONAMENTO DA CUENTA PLAN

O titular poderá utilizar calquera das canles postas á súa disposición por Triodos Bank para efectuar achegas, percibir dereitos consolidados e dereitos económicos correspondentes ao Plan de Pensións, que quedarán reflectidas na Cuenta Plan.

Para a execución de calquera orde de achega, o achegador deberá dispor da correspondente provisión de efectivo dispoñible e suficiente na conta corrente á que estea asociada a súa Cuenta Plan. As achegas anuais aos plans de pensións están limitadas pola normativa.

O titular reconece e acepta expresamente que Triodos Bank se reserva o dereito de non tramitar e/ou executar aquelas ordes a respecto das que o titular non dispoña da provisión de efectivo.

As cantidades achegadas e o aforro xerado no Plan de Pensións destinaranse unicamente a cubrir as continxencias conforme esta-

blezan as especificacións do Plan de Pensións e a normativa aplicable. En consecuencia, as devanditas cantidades só se poderán facer efectivas e, polo tanto, dar lugar á cancelación do contrato da Cuenta Plan e á recuperación ou mobilización dos dereitos consolidados e dereitos económicos no Plan de Pensións do Partícipe cando se produza o feito que dea lugar á prestación, nos supostos excepcionais de liquidez, ou para os efectos exclusivos da súa integración noutro Plan de Pensións, conforme coa normativa aplicable.

Información básica sobre a cobertura dos depósitos

Os depósitos mantidos en Triodos Bank están garantidos por:	O Sistema de Garantía de Depósitos holandés establecido por disposición legal, administrado por De Nederlandsche Bank N.V. (DNB) ⁽¹⁾
Límite da cobertura:	100.000 EUR por depositante e banco ⁽²⁾
Se ten vostede varios depósitos no mesmo banco:	Súmanse todos os seus depósitos no mesmo banco e o total está suxeito ao límite de 100.000 EUR ⁽²⁾
Se ten unha conta en participación con outra(s) persoa(s):	O límite de 100 000 EUR aplícase a cada depositante por separado ⁽³⁾
Período de reembolso en caso de quebra do banco:	20 días laborais ⁽⁴⁾
Moeda na que se realiza o reembolso:	Euro
Contacto:	De Nederlandsche Bank N.V. Postbus 98 1000 AB Amsterdam Enderezo: Westeinde 1 1017 ZN Amsterdam Teléfono (horario de atención en días laborais de 9:00 a 17:00 horas): Desde os Países Baixos: 0800-0201068 Desde o estranxeiro: + 31 20 524 91 11 Correo electrónico: info@dnb.nl
Máis información:	http://www.dnb.nl , na sección ' <i>Depositogarantiestelse!</i> ' ((Sistema de Garantía de Depósitos)
INFORMACIÓN ADICIONAL:	

Outra información importante: En xeral, todos os depositantes particulares e as empresas están cubertos polo sistema de garantía de depósitos. Pode consultar as excepcións aplicables a certos depósitos no sitio web do sistema de garantía de depósitos responsable. O seu banco informarlle tamén, de o solicitar, de se determinados produtos están cubertos ou non. De estar cubertos os depósitos, o banco confirmarallo tamén nos extractos de conta.

(1) Os seus depósitos están garantidos polo Sistema de Garantía de Depósitos holandés, creado por disposición legal. En caso de insolvencia do seu banco, reembolsaráselle ata 100.000 EUR do seu depósito.

(2) Límite xeral da protección:

De non poder dispor dun depósito debido a que un banco non estea en condicións de cumprir as súas obrigas financeiras, o Sistema de Garantía de Depósitos holandés reembolsará os depositantes. O reembolso ascende como máximo a 100.000 EUR por banco. Isto significa que se suman todos os seus depósitos efectuados no mesmo banco para determinar o nivel de cobertura. Se, por exemplo, un depositante posúe unha conta de aforro con 90.000 EUR e unha conta corrente con 20.000 EUR, só se lle reembolsarán 100.000 EUR.

Este método utilizarase tamén se un banco opera con diferentes denominacións comerciais. Triodos Bank opera comercialmente exclusivamente coa denominación Triodos Bank.

(3) Límite da protección para as contas en participación:

No caso das contas en participación, o límite de 100.000 EUR aplicarase a cada depositante por separado.

No caso de que no momento de insolvencia do seu banco vostede manteña un depósito que estea directamente relacionado coa compra ou venda dunha vivenda propia particular, ese depósito estará garantido adicionalmente polo sistema de garantía de depósitos durante un período de tres meses desde o ingreso do depósito ata un máximo de 500.000 EUR. Pode obter máis información en: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de Depósitos)

(4) Reembolso:

O sistema de garantía de depósitos responsable é o Sistema de Garantía de Depósitos holandés creado por disposición legal, administrado por De Nederlandsche Bank N.V. (DNB); Postbus 98, 1000 AB Amsterdam; enderezo: Westeinde 1, 1017 ZN Amsterdam; teléfono (horario de atención en días laborais de 9:00 a 17:00 horas): desde os Países Baixos: 0800-0201068, desde o estranxeiro: + 31 20 524 91 11; correo electrónico: info@dnb.nl; sitio web: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de Depósitos). Reembolsaranlle os seus depósitos (ata un máximo de 100.000 EUR) a máis tardar nun prazo de vinte (20) días laborais.

De non recibir ningún reembolso dentro do prazo mencionado, debe pórse en contacto co sistema de garantía de depósitos, xa que o tempo durante o que pode reclamar o reembolso pode estar limitado.

O período de reembolso reducirase gradualmente ata os sete (7) días laborais. Durante este período transitorio, De Nederlandsche Bank (DNB) poderá pagarlle, previa petición, un importe adecuado coa fin de cubrir o seu sustento.

Pode obter máis información en: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de Depósitos).